



CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

9-10 de decembro do 2023


II DE ADVENTO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 38** *Que veña Deus á nosa terra*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en parroquia a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa celebración de hoxe segue a amosar un desexo: “*Que veña Deus á nosa terra*”.

Continuamos o tempo do Advento, tempo no que nos preparamos para o encontro con Deus.

Para chegar ao Nadal deste ano 2023-2024 estamos a tecer unhas actitudes fundamentais para a vida. Ten isto moito que ver coa situación que se vive en Palestina e Israel. Está claro que hai que tecer mellor as cousas para que a VIDA naza no medio de nós.

Temos neste taboleiro a imaxe de María tecendo PAZ para dar acubillo ao seu fillo cando o teña nas súas mans. É a nai que tece vida para que Xesús se faga á nosa beira e poida sentir o noso agarimo.

Esta semana imos descubrir con que outros fíos que vale a pena tecer a VIDA.

ACENDIDO DA COROA DO ADVENTO

Monitor/a: *A coroa do advento está sendo signo do noso agardar ao Señor. Pouco a pouco imos atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais.*

Alguén se achega á coroa do advento mentres se canta

CANTO 🎵 n° 38 “**Que veña a luz** á nosa terra”

Monitor/a: Hoxe queremos medrar coa luz de quen non se contenta con silenzos, e coa súa voz fala condenando a violencia de xénero, e coa súa voz fala de paz condenando a intolerancia, e coa súa voz fala de tantas e tantas persoas esquecidas.

Hoxe somos alumeados por quen fai vida a carón de persoas encamadas, somos alumeados polas persoas con discapacidade que se esforzan á nosa beira, somos alumeados por cantos compartides aquí.

E acéndese unha das velas da coroa, mentres se canta

CANTO 🎵 n° 38 “**Que medre a luz** na nosa terra”

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Nesta oración pedimos que as nosas ocupacións e preocupacións non impidan que saibamos cambiar e mellorar para prepararmos o encontro con Xesús que está a vir para facerse fogar de Nadal.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, non deixes que as ocupacións e preocupacións de cada día impidan o noso camiñar ao encontro con Cristo.

Que o teu espírito de sabedoría nos alente a recibilo preparando o Fogar do Nadal.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A Palavra de Deus vai insistir na idea de preparar o camiño ao Señor, tanto Isaías como Xoán. Como imos facelo?.*

O profeta fala dun Deus que coma pastor está disposto a acoller nos seus brazos, está disposto a coidar e protexer. Fala dun Deus que camiña á beira do pobo.

No evanxeo, Xoán o Bautista é o mensaxeiro que convida a preparar o camiño de encontro con Xesús. Xoán ten claro que hai cousas que hai que facer mellor, cousas que hai que endereitar. Pero non se pode facer de calquera xeito. Fagámolo ben agora escoitando.

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO PROFETA ISAÍAS

Consolade, consolade o meu pobo: -dio o voso Deus.

Faládelle ao corazón de Xerusalén; si, dicídelle ben alto que a súa milicia está cumprida, que a pena pola súa culpa está aceptada. Si, xa recibiu da man do Señor o dobre por todos os seus pecados.

Unha voz clama:

"No deserto preparádelle o camiño ao Señor.

Endereitádelle na estepa a calzada ao noso Deus.

Que todo val sexa levantado, que todo monte e outeiro sexa rebaixado; que a terra fragosa se volva unha chaira; e as ladeiras, un val achanzado.

Pois vaise revelar a gloria do Señor, e toda carne verá o Único. Falou a boca do Señor".

Sube a un monte alto, mensaxeira de Sión, levanta con forza a túa voz, mensaxeira de Xerusalén, levántaa, non teñas medo. Dilles ás cidades de Xudá:

"Velaí o noso Deus".

Velaí o meu Señor Iavé que chega con poder; si, o seu brazo domina. Velaí a súa paga con el, o seu xornal diante del. Igual ca un pastor, pastorea o seu rabaño, recólleo co seu brazo, leva aos añaños no seo e protexe os que aínda maman.

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Naqueles días apareceu Xoán Bautista no deserto, proclamando:

- Convertédevos, que xa chega o Reino dos Ceos.

El era de quen dixera o profeta Isaías:

Unha voz clama no deserto:

Preparade o camiño do Señor,
endereidade os seus vieiros.

Xoán ía vestido con pelos de camelo e cun cinguidor de coiro no van, e mantiñase de saltóns e mel bravo. Ía onda el xente de Xerusalén, de toda Xudea e máis da banda do Xordán. Confesaban os seus pecados e el bautizábaos no Xordán.

Como se decatara de que moitos fariseos e saduceos viñan a que os bautizase, díxolles:

- ¡Raza de víboras! Quen vos ensinou a fuxir do castigo que está a chegar?. Dade froitos dignos dunha verdadeira conversión, e non vos fagades ilusións dicindo entre vós: "Somos fillos de Abraham", porque vos aseguro que Deus pode sacar fillos de Abraham mesmo destas pedras. Xa está a machada posta contra a

raíz das árbores, e toda árbore que non dea froito cortarase e botarase ao lume.

6

Eu bautízovos con auga para que vos convertades. Pero o que vén detrás miña é máis forte ca min, e nin tansequera son digno de lle levar as sandalias. El havos bautizar co Espírito Santo e con lume. Porque trae a forcada na man, para limpar a súa eira e na hucha recoller o trigo; e ha queimar a palla nun lume que nunca se apaga.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

Reflexión a xeito de homilía

2º Domingo
de advento

*Tecer con
dignidade
e respecto*

Este camiño de advento que estamos a facer convidanos a **TECER VIDA** cos fíos que temos nas nosas mans achegándonos ao **NADAL**.


* O que agora imos facer é descubrir con que fío se espera que nós vaiamos tecendo a vida.

(arrincamos o novelo do 2º do advento e enganchámolo no espazo que temos no debuxo no que María está tecendo).

É camiño ao Nadal **TECER CON DIGNIDADE E RESPECTO**

No libro do profeta Isaías Deus respecta a dignidade do seu pobo.

7



No evanxeo Xoán o Bautista fala de que hai que facer mellor as cousas, fala de converterse e facelo mellor.

Esta segunda semana do advento amósanos a necesidade de estar sempre atentos e dispostos a tecer cos fíos da DIGNIDADE E O RESPECTO. Hoxe eses fíos queremos achegar a Palestina e Israel, e a tantos e tantos pobos que viven con medo pola vida.

Tamén eses fíos os necesitamos nas nosas relacións familiares, de parroquia, de Os Cotos, de Igrexa.

HOXE TOCA TECER COS FÍOS DA DIGNIDADE E DO RESPECTO PARA DAR ACUBILLO Á VIDA QUE NO NADAL VAI NACER EN NÓS.

Tecemos dignidade e respecto cando tratamos a unha persoa por igual.

Tecemos dignidade e respecto cando nos poñemos no lugar do outro.

Tecemos dignidade e respecto cando acompañamos a quen está enfermo, cando coidamos de alguén, cando agarimamos a quen se sinte esquecido e necesitado.

Teces dignidade e respecto cando te mimas e respectas a ti mesmo.

É camiño ao Nadal **TECER CON DIGNIDADE E RESPECTO**

8

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, sabendo que Ti, Señor, es Deus de trato digno e respectuoso e ves ao noso encontro, queremos hoxe facelo mellor tecendo vida cos fíos dos nosos feitos, e así dar acubillo a quen no Nadal nace á nosa beira. Dicimos:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Crede en Deus, Pai e Nai

que nos enche do seu amor cando quere que o seu Fillo comparta a nosa vida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús Cristo,

que se achega a todos nós convidándonos a atender aos demais no camiño da tenrura?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito Santo,

que alenta a colaborar camiñando á beira de quen necesita ser máis xustamente tratado na dignidade e no respecto?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede na Igrexa,

comunidade que necesita de nós para, ao xeito de Xoán Bautista, tecer vida con dignidade e respecto?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

9

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Oremos ao Señor, noso Deus, tecendo a vida cos fíos do respecto para facer un mundo mellor para todos. Oremos dicindo:

Queremos tecer dignidade na vida, Señor

Monitor/a

✓ Pola Igrexa: para que neste tempo de Advento sexamos luz e esperanza en tantas situacións de dificultade e crise. Oremos.

✓ Polos gobernos: para que, procurando o ben común, nos axuden a construír camiños de paz, de igualdade, de caridade, de traballo digno. Oremos.

✓ Polas familias que están angustiadas e cansas no camiño da vida: para que atopen ao seu carón unha man amiga que lles dea forzas nos atrancos. Oremos.

✓ Pedimos por todas as mulleres que sofren violencia de xénero, para que atopen, en nós, unha

igreja e unha sociedade que apoie e non cale a súa dignidade. Oremos.

✓ Polas nosas comunidades parroquiais, para que camiñemos cara o Nadal tecendo dignidade á beira de Palestina e Israel. Oremos

Celebrante: *Grazas Pai pola man de vida que nos dás no teu Fillo Xesús, a quen queremos acoller no acubillo do noso tecer. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

10

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Deus está cerca, Deus está na nai que espera un fillo e está no pai que dá un colo; está na muller que espera paz e non violencia; está en quen sementa solidariedade e non egoísmo; está en quen coida de quen non se vale por si só. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos quere mostecer cos fíos do respecto. Recemos confiados:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans abertas falan de estar atentos, falan de ofrecer o mellor aos demais, falan de estar vixiantes coas vidas esquecidas. Que o Deus da paz nos alente a tecer agarimo camiño ao Nadal.*

🎵 **nº 36 Fagámola paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa do altar é a mesa do compartir todo o que Deus nos agasalla, é o sabernos vixiantes e atentos para facerlle un sitio ao que nos nace no Nadal. Ditosos nós por sermos invitados a compartir coma irmáns este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **Que medre a paz (ben, amor, fe, ...)**

11

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Señor, Ti aléntasnos con esta celebración compartida. Rogámosche que a nosa participación no teu sacramento nos ensine a valorar con xusteza os bens da terra e a pór o corazón nos do ceo.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Vivir NADAL é tecer cos fíos do respecto sabendo que Deus confía en nós. Vaíamos tecendo camiño do Nadal.

Vivir NADAL é tecer cos fíos da dignidade tratando con respecto a quen pensa, vive e cree diferente. Vaíamos tecendo camiño do Nadal.

Vivir NADAL é tecer sen virarlle as costas ás mulleres que malviven sufrindo violencia de xénero e os refuxiados que chegan fuxindo das súa terras. Vaiamos tecendo camiño do Nadal co fío para esta semana.

TECER CON DIGNIDADE E RESPECTO

(Repartimos os FÍOS para levalos para a casa)

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*